


VEÑEN PARA QUEDAR



#Terra



As Tanxugueiras veñen para quedar



Sabela Maneiro, Olaia Maneiro e Aida Tarrío forman o grupo Tanxugueiras, mulleres fortes, valentes e apoderadas a través a través da súa música folclórica. Cantareiras dunha nova década, son expoñentes dunha xeración aberta á evolución, con cantes e sons baseados na cultura popular mesturados con ritmos actuais.

Co seu primeiro álbum homónimo, publicado en 2018, o trío inicia unha traxectoria que as leva a visitar, en só 3 anos, máis de 100 escenarios de todo o planeta acompañadas polas súas pandeiretas. No 2019 chega *Contrapunto*, un disco que incrementa as revolucións da música galega coa reinterpretación de coplas tradicionais.

No 2021, as cantareiras libéranse de prexuízos para consolidar a identidade dun grupo que explora a fusión da tradición con sonoridades urbanas e modernas. O seu single, *Midas*, con influencias de sons próximos ao trap ou á electrónica, pon o foco sobre unhas artistas audaces, chamadas a levar os ritmos da terra por escenarios de todo o mundo. Con *Figa* romperon as barreiras e situáronse como un dos grupos alternativos máis recoñecidos do panorama musical galego. Esta canción abriulles as portas á fama internacional.

Unha enquisa popular situounas coma as representantes ideais de RTVE para o concurso de Eurovisión. Aceptaron o reto e hoxe son candidatas, e unha das favoritas, para gañar o Benidorm Fest co seu tema *Terra*. Unha canción de raíz, apegada ao son máis xenuíno galego con innovacións experimentais.

Para este 2022 agardan ver cumprido o seu soño de actuar en grandes palcos. Espéran unha xira para a que están esgotando entradas en escasas horas. E é que as Tanxugueiras son pura enerxía, non teñen fronteiras.



TERRA

Ailaralalá
Ailaralalalá
Ailaralalá
Ailaralalalá

Ailaralalá
Ailaralalalá
Ailaralalá

Esta noite hai foliada
Esta noite hai serán
Agárdoche no terreiro
Compañeiríña leal

Compañeiríña leal
Compañeiríña leal
Esta noite hai foliada

Para cantar veño eu
Coa pandeireta na man
Aturuxa canda min
Que nos escoiten berrar

Que nos escoiten berrar
Que nos escoiten berrar
Coa pandeireta na man

Ailaralalá
Ailaralalalá
Ailaralalá
Ailaralalalá

Ailaralalá
Ailaralalalá
Ailaralalá
Non hai fronteiras

Canta ti, cantarei eu
Co xeito das nosas nais
Festexaremos a vida

Da xente que está a bailar
Da xente que está a bailar
Da xente que está a bailar
Co xeito das nosas mans

Ailaralalá
Ailaralalalá
Ailaralalá
Ailaralalalá

Ailaralalá
Ailaralalalá
Ailaralalá
Ez dago mugariq

Ailaralalá
Ailaralalalá
Ailaralalá
Ailaralalalá

Ailaralalá
Ailaralalalá
Ailaralalá
No hi ha fronteras

Aí veñen, Aí veñen
Veñen pra quedar
Esas bravas gorxas
De fondo cantar

De fondo cantar
De fondo cantar
Aí veñen, Aí veñen
Veñen pra quedar

Veñen pra quedar
Veñen pra quedar
Veñen pra quedar

Veñen pra quedar
Veñen pra quedar
Veñen pra quedar
Pra quedar, pra quedar


Veñen pra quedar
Veñen pra quedar
Veñen pra quedar

Ailaralalá
Ailaralalalá
Ailaralalá
Ailaralalalá

Ailaralalá
Ailaralalalá
Ailaralalá
Nun hai fronteras

Ailaralalá
Ailaralalalá
Ailaralalá
Ailaralalalá

Ailaralalá
Ailaralalalá
Ailaralalá
No hay fronteras



1. Relaciona cada vocábulo da columna da dereita co seu sinónimo da esquerda.

aturuxo

esmorga

foliada

garganta

fronteira

festa

gorxa

ufido

serán

linde



Se tes aínda **dúbidas** co vocabulario da canción, Esther Estévez axúdache a resolvelas. Escanea o código QR.



2. A canción titúlase *Terra*. Que significados adquire o termo, tendo en conta que non está presente na letra da canción?

3. *Agárdoche no turreiro, compañeiriña leal*. En relación coa terra está a voz subliñada. As Tanxugueiras empregan a forma dialectal, mais no DRAG recóllese *terreiro*. Dá unha definición para esta palabra.

- É correcto o uso de *che* como CD? Xustifica a túa resposta.

4. Agrupa as seguintes palabras segundo a pronuncia da grafía x.



- xamón
- exame
- enxame
- hexágono
- xilófono
- saxofón
- teixugo
- xaxún



5. *Tanxugueiras* foi elixida a **palabra do ano 2021** a través da votación popular levada a cabo polo Portal das Palabras. Mais, sabes que significa?



Tanxugueiras é o plural dun microtopónimo, popularizado pola banda musical, que designa unhas terras da parroquia de Fumaces, no concello de Riós (Ourense).

O vocábulo é unha alteración da forma etimolóxica Teixugueira, un zootopónimo común no país que sinala os sitios onde hai presenza ou abundancia de teixugos ou porcos teixos

Busca información e completa a ficha técnica arredor destes animais:

Nome común:	
Nome científico:	
Características físicas:	
Alimentación:	
Reprodución:	
Hábitat:	
Curiosidades:	



«Nós poñemos o galego enriba dos palcos, pero estaría ben poñelo na educación, na cultura e en todos os lugares en que ten cabida.»

«Queremos ser a voz de tanta xente perseguida por falar a súa propia lingua.»



«Todas as linguas suman e non restan. Nós temos fe cega na lingua e na cultura galegas.»

6. As Tanxugueiras están a dar grandes titulares. Dende os medios de comunicación son catalogadas de “fenómeno” interxeracional. Grazas ás súas declaracións poñemos o foco na situación lingüística do galego.

Reflexiona sobre os anteriores titulares e partilla a túa opinión coa clase:

- a. **Que supón para o noso idioma esta exposición mediática?**
- b. **Consideras que as Tanxugueiras son boas representantes das minorías lingüísticas e culturais? Por que?**
- c. **É Eurovisión un bo altofalante?**
- d. **Que outros referentes coñeces que leven como estandarte o galego?**
- e. **Que medidas cres que serían efectivas para que a mocidade galega fale máis o noso idioma?**

7. No 2017 Salvador Sobral conseguiu a primeira vitoria no certame musical europeo para Portugal coa balada *Amar pelos dois*.

➤ **Mira a súa actuación e responde:**

- a. **Entendiches a letra?**
- b. **Son o galego e o portugués a mesma lingua?**
- c. **A comunidade lusófona é unha ventá aberta para o galego. Sabes en que países do mundo se fala portugués?**



8. A expresión da canción *non hai fronteiras* serve de unión para irmandar as culturas e as linguas da Península Ibérica.

a. Relaciona a expresión con cadanseu idioma.

Não há fronteiras

No ai arrayus

Nun hai fronteras

N'i a pas termières



No bi ha fronteras

No hi ha fronteras

They are no borders

No hay fronteras

Ez dago mugarik

Non hai fronteiras

b. Sitúa no mapa a área en que se localiza cada lingua.



c. En que lugares se fala galego?

d. Cantas desas linguas teñen a denominación de *oficial*? Sabes cales?

e. Que outros idiomas se falan na Península Ibérica?

f. Se sabes outras linguas, traduce a expresión “*non hai fronteiras*”.

Música

TANXUGUEIRAS PRESENTA AO CERTAME UN TEMA FOLK, UNHA MUÑEIRA, CON RITMOS ELECTRÓNICOS E FEL Á SÚA SONORIDADE: CON PANDEIRETAS.

9. Nomea as partes da pandeireta.

aro

ferreña

pelica



10. Unha *muñeira* é unha composición musical tradicional, de movemento alegre, ao son da cal bailan unha ou máis parellas soltas. Normalmente, son estrofas cun compás 6/8, é dicir, un ritmo rápido.

En pares, compoñede unha copla máis para a canción con catro versos octosilábicos.




11. O retrouso da canción é un *alalá*. En pequenos grupos gravade un *tik-tok* onde amosedes o voso enxeño coas redes sociais bailando.

Como imaxinades que será a posta en escena da canción? Axudade as Tanxugueiras!




12. POINTS! Cantade #Terra 🇬🇧 !



Orgullo Galego elaborou unha listaxe de cancións en galego no Spotify.

Desfruta da nosa boa música!



- **Outros recursos:**

- Esther Estévez [explicache](#) a historia da letra X no #DigochoEu.



- Fóra de Galiza teñen problemas para pronunciar Tanxugueiras. ([vídeo](#) do Galizard Queen @GalizardQueen)



- [Entrevista](#) das Tanxugueiras no Nós Diario.
- [Entrevista](#) das Tanxugueiras con Iago Suárez no Youtube.
- **Onde atopar as Tanxugueiras nas redes:**



Autor da unidade didáctica: Cándido Paniagua Pousa

Agradecementos

- **Aníbal Marín**
- **Esther Estévez Casado**
- **Iago Suárez**
- **O Galizard Queen**
- **Patricia Varela Fernández**
- **Playpan**

Solucionario

1.

aturuxo – ufido
foliada – esmorga
fronteira – linde
gorxa – garganta
serán – festa

2.

[RESPOSTA LIBRE] *Relación coa raíz e a tradición.*

3.

Terreiro: *Espazo amplo de terra situado no centro de certas aldeas.*

- **Non.** *A forma para a segunda persoa dos pronomes persoais átonos é TE. Pola contra, CHE só pode funcionar coma CI.*

4.

/j/	/ks/
Xamón	Exame
Enxame	Hexágono
Teixugo	Xilófono
Xaxún	Xasofón

5.

Nome común:	<i>Teixugo ou porco teixo</i>
Nome científico:	<i>Meles meles</i>
Características físicas:	<i>O teixugo mide entre 60 e 90 centímetros e ten un peso entre 7 e 13 quilogramos. Na cabeza ten bandas brancas e negras. As orellas teñen rebordes brancos; as patas e o abdome son negros e o lombo gris prateado. As patas dianteiras teñen uñas moi longas, poderosas, coas que escarva profundas covas.</i>
Alimentación:	<i>É omnívoro, come animais como miñocas, caracoís, vermes, ras, pequenos mamíferos, prea, raíces, bulbos, froita ou castañas.</i>
Reprodución:	<i>Mamífero</i>
Hábitat:	<i>Habita en bosques frondosos e mixtos, é solitario.</i>
Curiosidades:	<i>RESPOSTA LIBRE</i>

6. **[RESPOSTA LIBRE]**

7. **[RESPOSTA LIBRE]**

- C) Portugal, Brasil, Cabo Verde, Guinea-Bisau, Guinea-Ecuatorial, Angola, Mozambique, Timos Leste, São Tomé e Príncipe.**

8. a.

Não ha fronteiras - português
No ai arrayus - extremeño
Nun hai fronteras - astur-leonés
N'i a par termières - aranés
No bi ha fronteras - aragonés

They are no borders - inglés
Non hai fronteiras - galego
Et dego mugarik - éuscaro
No hay fronteras - castelán
No hi ha frunteres - catalán

b.



c. *Galicia, Asturias, Castela e León, Extremadura. Tamén hai minorías lingüísticas en países de destino de migrantes galegos (Alemaña, México, Arxentina, Uruguai).*

d. *Oficiais: castelán e portugués (en todo o país)*
Galego, Éuscaro, Catalán (nos seus respectivos territorios)

e. *Mirandés, valenciano, árabe, caló...*

f. *[RESPOSTA LIBRE]*

9.



10. *[RESPOSTA LIBRE]*

11. *[RESPOSTA LIBRE]*

12. *[RESPOSTA LIBRE]*